

Acto de investidura
como doutor *honoris causa*
do **Prof. Dr. D. Fernando J. Devoto**

16 de xuño de 2021

O motivo que ilustra a capa deste libro correspóndese coa coidada decoración calada das cadeiras do Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela. A estrela é o símbolo heráldico do arcebispo Alonso III de Fonseca, benfeitor da Universidade.

Protocolo

Procesión da comitiva académica

Desenvolvemento do acto

Investidura do Prof. Dr. D. FERNANDO J. DEVOTO


Pedimento	Padriño, Prof. Dr. D. Ramón Villares
Lección do doutor <i>honoris causa</i>	Prof. Dr. D. Fernando J. Devoto
<i>Laudatio</i>	Padriño, Prof. Dr. D. Ramón Villares
Concesión	Sr. Reitor
Imposición da esclavina, a borla, o anel e entrega do libro	Padriño, Prof. Dr. D. Ramón Villares
Xuramento	Sra. Secretaria Xeral
Imposición da medalla	Sr. Reitor
Agradecemento	Prof. Dr. D. Fernando J. Devoto

Discurso do Sr. Reitor

Gaudeamus igitur

Procesión de saída





Fernando J. Devoto



FERNANDO J. DEVOTO naceu en Bos Aires en 1949. Estudou na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires, realizou estudos de posgrao na Universidade de Roma La Sapienza e doutorouse en Historia na Universidade Nacional do Centro cun estudo sobre as raíces da dereita nacionalista argentina.

Comezou a súa carreira docente na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires en 1974 sendo aínda estudante, experiencia que chegou á súa fin coa brutal intervención da Universidade. Co retorno da democracia en decembro de 1983 foi designado profesor adxunto e logo, en 1996, titular (catedrático) de Teoría e Historia da Historiografía. Paralelamente dirixiría centros e programas de investigación na mesma Universidade de Bos Aires (Instituto Ravnani), na de Mar del Plata e na de San Martín, entre outras.

Así mesmo, desde 1987 comezou unha vasta carreira de máis de trinta anos como profesor e investigador invitado en numerosas universidades europeas como Ancona, Napolés, Milán, Roma, Sassari, Turín, Verona, Burdeos III, París VII, Barcelona, Valencia, Oviedo, no Instituto Universitario Ortega y Gasset de Madrid e na École des Hautes Études en Sciences Sociales de París e no Istituto Italiano per gli Studi Filosofici de Nápoles.

Un lugar especial ocupa neste itinerario, desde comezos dos anos 90, Santiago de Compostela. Ademais das súas múltiples participacións nas iniciativas do Consello da Cultura Galega e dos seus escritos sobre emigración e o exilio galego, Fernando Devoto foi conferenciante e profesor en cursos de posgrao, sobre todo na Facultade de Xeografía e Historia, e tamén na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. No marco compostelán participou así mesmo como asesor de diferentes grupos de investigación e revistas académicas, como editor de libros e como integrante de tribunais de doutoramento.

Fernando Devoto comezou o seu labor como investigador en temas de historia social e política da Arxentina. Con todo, a desarticulación dos distintos grupos de investigación nas universidades públicas orientárono, a partir da



súa estadía en Italia, cara ao estudo da historia das migracións internacionais. Tras o retorno da democracia naceu en Bos Aires o Centro de Estudios Migratorios Latinoamericanos (CEMLA), do que sería director de Investigación e editor da revista *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, destinada a ocupar un lugar de referencia no ámbito Iberoamericano. Falouse así dunha «escola de Bos Aires», cuxa orixinalidade estaba en facer dialogar achegas das ciencias sociais europeas, norteamericanas e australianas coas da tradición arxentina. Proxectos internacionais de investigación dirixidos por Devoto, co soporte entre outros do CNR italiano e o CNRS francés, contribuirían a estruturar unha vasta rede transnacional —que incluíría nun lugar relevante a investigadores galegos— que ía transformar as miradas sobre a historia e a memoria de migracións e exilios.

Fernando Devoto non concentrou os seus esforzos só nos estudos migratorios, aínda que si lles dedicou máis dun centenar de artigos académicos e numerosos libros, entre os cales se atopan *Historia de la inmigración en la Argentina* e *Historia de los italianos en la Argentina*. Paralelamente seguiu outras liñas de traballo. En torno á súa cátedra e ao Instituto Ravnani creou un vasto programa de investigación que renovou a historia da historiografía arxentina, acerca da cal escribiu tamén numerosos traballos e libros. Estudou, así mesmo, algunhas historiografías europeas no século XX, en especial a tradición do historicismo croceano en Italia e de *Annales* en Francia. A súa aproximación tentou combinar as clásicas miradas desde a historia das ideas e das tradicións intelectuais coa indagación das estratexias dos estudosos sempre en diálogo cos contextos historiográficos, políticos e institucionais.

Outra liña de investigación é o estudo da historia das ideas políticas e dos movementos sociais en Arxentina, con atención á dereita nacionalista (*Nacionalismo, fascismo y tradicionalismo en la Argentina moderna*) e ao peronismo. Alí buscou innovar a partir da elección de cronoloxías longas e dunha atención aos límites contextuais e culturais que condicionan os proxectos políticos. Os seus estudos ramificáronse noutros temas e abríronse aos estudos comparados, como por exemplo *Argentina-Brasil 1850-2000. Un ensayo de historia comparada*, con Boris Fausto, ou *Political Cultures, Social Movements and Democratic Transitions in South America*, con T. S. Di Tella.

Devoto é membro de número da Academia Nacional da Historia (desde 2013) e investigador sénior no Instituto Ravnani da Facultade de Filosofía e Letras (UBA) e no Instituto de Altos Estudios Sociales (IDAES) da Universidade Nacional de San Martín.



Ramón Villares



RAMÓN VILLARES (1951) cursou os seus estudos superiores na Universidade de Santiago de Compostela (1968-1973), e doutorouse en 1980 cunha tese dirixida polo profesor Antonio Eiras Roel, sobre as estruturas agrarias da provincia de Lugo. Desde 1987 é catedrático de Historia Contemporánea da mesma Universidade, na que tamén desempeñou os cargos de decano da Facultade de Xeografía e Historia (1986-1990) e reitor (1990-1994). Imparte docencia desde fai máis de catro décadas en cursos de grao e doutoramento de varias materias, especialmente de Historia Económica, Historia Contemporánea e de Historia da Historiografía, tendo impartido tamén cursos e conferencias en numerosas universidades españolas, europeas e americanas.

A historia social agraria analizada nun marco de longa duración na tese de doutoramento está na orixe do seu libro *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936* (1982), ao que seguiron outras obras como *Foros, frades e fidalgos* (1982), a obra colectiva *Donos de seu. Estudos de historia agraria* (1988) e a investigación sobre os efectos da política agraria do liberalismo en *Desamortización e réxime de propiedade* (1994) e na visión de conxunto «Agricultura», publicada no volume de *Los fundamentos de la España liberal. 1834-1900* (1997) da *Historia de España* fundada por Ramón Menéndez Pidal en 1935. No cadro desta especialización no eido da historia agraria organizou diversos congresos e dirixiu unha ducia de teses de doutoramento.

A partir de finais do século pasado, sen abandonar a historia agraria, Villares comezou a traballar sobre outros temas, tanto de historiografía como de historia intelectual e historia cultural do nacionalismo e do exilio republicano, o resultado de todo o cal son publicacións como *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista* (2007 e 2018), *Identidade e afectos patrios* (2017), *Galicia, una nación entre dos mundos* (2019) e o seu máis recente libro *Exilio republicano y pluralismo nacional. España, 1936-1982* (2021).



De forma paralela á súa especialización investigadora, desenvolveu unha ampla obra de divulgación e síntese histórica, como a súa *Historia de Galicia*, publicada na súa primeira versión en 1984, con sucesivas ampliacións en 2004 e 2016, así como versións noutras linguas (español, portugués, e francés). Outras obras de síntese son *El mundo contemporáneo. Del siglo XIX al XXI* (2001 e 2012) e a obra en 12 volumes, codirixida con Josep Fontana, sobre a *Historia de España* (2007-2017).

Pola súa traxectoria científica e profesional recibiu distincións como os doutoramentos *honoris causa* polas universidades de Bos Aires (1992), Minho (2015) e Rennes (2017), así como o Premio á Mellor Tese española en Humanidades (UIMP, 1981). Membro de diversas asociacións profesionais e patronatos de entidades culturais, foi presidente da Asociación Española de Historia Contemporánea, así como membro fundador da editorial Marcial Pons, Ediciones de Historia. Ademais, realizou estadias de investigación en centros como a Università degli Studi di Bologna, a École de Hautes Études en Sciences Sociales (París), Università degli Studi di Verona ou o Instituto de Ciências Sociais (Lisboa) e formou parte de diversos paneis internacionais de avaliación de centros e proxectos de investigación en España e Portugal.

Membro de número da Real Academia Galega desde 2006, e da Real Academia de Bones Lletres de Barcelona desde 2018, foi tamén presidente do Consello da Cultura Galega (2006-2018). Actualmente pertence, como membro externo, ao Conselho Geral da Universidade do Minho.







Tradición e modernidade

A Universidade de Santiago de Compostela proxecta sobre o futuro o seu medio milenio de historia. Afundindo as súas raíces na Europa renacentista, soubo evolucionar co tempo e converterse nunha das institucións que conformaron a identidade de Galicia. A comezos do século XXI, a súa vocación divulgadora do coñecemento e promotora da investigación convertérona en referencia mundial en eidos como a medicina, a biotecnoloxía, as humanidades ou a innovación científica.

O xermolo da Universidade sitúase nos remates do século XV, cando en Europa se difundía incesante a nova técnica da impresión de libros que había de revolucionar o mundo. En 1495, un rexedor de Compostela, Lope Gómez de Marzoa, funda o *Studium* de Gramática Latina no mosteiro bieito de San Paio de Antealtares, o chamado *Estudo Vello*. O impulso da familia Diego de Muros, xa nos albores do século XVI, consegue someter o Estudo á protección eclesiástica, permitindo a creación de cátedras de Dereito e Artes e, axiña, tamén de Dereito Canónico. Será pola decidida iniciativa do arcebispo Alonso III de Fonseca e Ulloa, humanista dotado das mellores características dun home do Renacemento, cando, coa fundación do Colexio de Santiago en 1521, se reforcen definitivamente os alicerces da actual institución académica. As primeiras Constitucións da Universidade de Santiago apróbanse en 1555.

No século XIX, a Universidade experimenta o seu maior desenvolvemento coa implantación de estudos científicos e de Humanidades acordes cos tempos, e coa inauguración en 1805 do seu edificio principal, hoxe Facultade de Xeografía e Historia. Da puxanza da Universidade na época falan fitos como o primeiro experimento eléctrico levado a cabo en España, que iluminou en 1851 esta mesma edificación grazas a un novidoso arco voltaico instalado polo científico Antonio Casares.

O ámbito universitario foi pioneiro na integración da muller en campos da sociedade, vedados durante séculos. As mulleres accederon á Universidade por primeira vez no curso 1913-1914, abrindo a porta a un proceso lento pero imparabile. A Universidade compostelá foi tamén lugar de intercambio de ideas para as xeracións de intelectuais que fixeron avanzar a sociedade galega nos tempos convulsos do século XX e na Transición, e que crearon, grazas en parte ao seu paso por estas aulas, algunhas das obras máis singulares da cultura galega.

A Universidade divide a súa oferta académica en dúas cidades históricas, Santiago de Compostela e Lugo, urbes en ambos os casos que se aproximan aos



100 000 habitantes. Compostela é Patrimonio da Humanidade desde 1985 e meta dos Camiños de Santiago, que atraen cada ano a milleiros de peregrinos de todo o mundo desde a descuberta dos restos do Apóstolo. Concentrado de todas as esencias de Galicia, Santiago é desde sempre o faro político, social e cultural da Comunidade. Pola súa banda, Lugo, a antiga Lucus Augusti romana, conserva intacta a muralla do século II e todo o carácter do interior galego.



Con cinco séculos de historia, non é estraño que a Universidade atesoure un patrimonio artístico dificilmente comparable con calquera outra institución galega. En conxunto, a Universidade esténdese a través dun millón de metros cadrados de infraestruturas, repartidas en preto dun centenar de edificios, moitos deles auténticas xoias arquitectónicas. Algúns dos situados en Compostela retratan un pasado brillante, como a mencionada Facultade de Xeografía e Historia; a severa Facultade de Medicina (1901); o Colexio de San Xerome (con raíces no século xv), sede da reitoría en plena praza do Obradoiro; ou a de Filosofía, do xviii, a carón da antiga muralla da cidade. As novas instalacións tamén contan con deseños vangardistas, como os da Facultade de Ciencias da Comunicación en Compostela (1999), de Álvaro Siza; ou o moderno campus lucense.

Na actualidade cursan estudos na Universidade ao redor de 25 000 estudantes. En Lugo, o denominado Campus Terra concentra estudos do ámbito da sustentabilidade económica e medioambiental, con especialización no campo



agroalimentario, tan importante para a economía galega. En Compostela, pola súa banda, atópanse dous campus, o Norte e o Campus Vida, este último de excelencia internacional e centrado en ámbitos como a medicina e a biotecnoloxía.

Da vocación universal da Universidade fala a procedencia internacional dunha parte moi apreciable do alumnado. Arredor de 1 500 matrículas corresponden a estudantes chegados doutros países, o que a converte nunha institución cosmopolita, aberta ao mundo e disposta a absorber e difundir coñecemento aos cinco continentes. Cada ano a Universidade envía ao exterior 400 estudantes a través do programa Erasmus de intercambio universitario, e recibe un número moi similar procedente de 32 países.


A de Santiago é, así pois, unha universidade completa, con oferta docente na práctica totalidade dos saberes e decididamente enfocada a actuar como líder do progreso científico, económico e social. A investigación é un dos piares da institución, e dela saíron xa diversas iniciativas e empresas *spin off* que axudan a trasladar á economía real as achegas científicas acadadas.

A vida dentro da Universidade de Santiago non se reduce aos estudos e á investigación, senón que cada curso se propón un abano moi amplo de actividades que, ademais de ofertarse á comunidade universitaria, complementan a programación cultural (coro, teatro, ciclos musicais e literarios) e deportiva (natación, atletismo, tenis, hóckey) das cidades nas que está radicada.

A Universidade de Santiago de Compostela expresa tamén o seu respecto polo talento externo coa concesión de doutoramentos *honoris causa* a persoeiros dos máis diversos ámbitos, do científico ao político ou o cultural e artístico. Ata o momento preto de cen personalidades destes ámbitos foron recoñecidas con este título.

Con cincocentos anos de historia e decididamente impulsada ao futuro, a Universidade de Santiago conserva a vitalidade e a responsabilidade dunha institución fundamental para o progreso de Galicia e a mellora da sociedade.





Gaudeamus igitur

Gaudeamus igitur,
iuvenes dum sumus. (*bis*)
Post iucundam iuventutem,
post molestam senectutem,
nos habebit humus. (*bis*)

Vivat academia,
vivant professores. (*bis*)
Vivat membrum quodlibet,
vivant membra quaelibet,
semper sint in flore. (*bis*)









Acto de investidura
como doctor *honoris causa*
del Prof. **Dr. D. Fernando J. Devoto**

16 de junio de 2021

El motivo que ilustra la cubierta de este libro se corresponde con la esmerada decoración calada de las sillas del Parainfo de la Universidad de Santiago de Compostela. La estrella es el símbolo heráldico del arzobispo Alonso III de Fonseca, benefactor de la Universidad.

Protocolo

Procesión de la comitiva académica

Desarrollo del acto

INVESTIDURA DEL PROF. DR. D. FERNANDO J. DEVOTO

Petición	Padrino, Prof. Dr. Ramón Villares
Lección del doctor <i>honoris causa</i>	Prof. Dr. D. Fernando J. Devoto
<i>Laudatio</i>	Padrino, Prof. Dr. Ramón Villares
Concesión	Sr. Rector
Imposición de la esclavina, la borla, el anillo y entrega del libro	Padrino, Prof. Dr. Ramón Villares
Juramento	Sra. Secretaria General
Imposición de la medalla	Sr. Rector
Agradecimiento	Prof. Dr. D. Fernando J. Devoto

Discurso del Sr. Rector

Gaudeamus igitur

Procesión de salida





Fernando J. Devoto



FERNANDO J. DEVOTO nació en Buenos Aires en 1949. Estudió en la Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad de Buenos Aires, realizó estudios de posgrado en la Universidad de Roma La Sapienza y se doctoró en Historia en la Universidad Nacional del Centro con un estudio sobre las raíces de la derecha nacionalista argentina.

Empezó su carrera docente en la Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad de Buenos Aires en 1974 siendo todavía estudiante, experiencia que llegó a su fin con la brutal intervención de la Universidad. Con el retorno de la democracia, en diciembre de 1983 fue designado primero profesor adjunto y luego, en 1996, Titular (catedrático) de Teoría e Historia de la Historiografía. Paralelamente dirigiría centros y programas de investigación en la misma Universidad de Buenos Aires (Instituto Ravignani), en la de Mar del Plata y en la de San Martín, entre otras.

Asimismo, desde 1987 comenzó una vasta carrera de más de treinta años como profesor e investigador invitado en numerosas universidades europeas como Ancona, Nápoles, Milán, Roma, Sassari, Turín, Verona, Burdeos III, París VII, Barcelona, Valencia, Oviedo, en el Instituto Universitario Ortega y Gasset de Madrid, en la École des Hautes Études en Sciences Sociales de París y en el Istituto Italiano per gli Studi Filosofici di Nápoles.

Un lugar especial ocupó en ese itinerario, desde comienzos de los años 90, Santiago de Compostela. Además de sus múltiples participaciones en las iniciativas del Consello da Cultura Galega y de sus escritos sobre emigración y el exilio gallego, Fernando Devoto ha sido conferencista y profesor en cursos de posgrado en la Facultad de Geografía e Historia y también en la Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales de la Universidad de Santiago. En el marco compostelano participó así mismo como asesor de diferentes grupos de investigación y revistas académicas, como editor de libros y como integrante de tribunales de doctorado.

Fernando Devoto comenzó su labor como investigador en temas de historia política de la Argentina. Sin embargo, la desarticulación de los distintos grupos de investigación en las universidades públicas lo orientaron, a partir de su estadía



en Italia, hacia el estudio de las migraciones internacionales. Tras el retorno de la democracia nació en Buenos Aires el Centro de Estudios Migratorios Latinoamericanos (CEMLA), del que sería director de Investigaciones y editor de la revista *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, destinada a ocupar un lugar de referencia en el ámbito Iberoamericano. Se habló así de una «escuela de Buenos Aires», cuya originalidad estaría en hacer dialogar aportes de las ciencias sociales europeas, norteamericanas y australianas con los de la tradición argentina. Proyectos internacionales de investigación dirigidos por Devoto, con el soporte entre otros del CNR italiano y el CNRS francés, contribuirían a estructurar una vasta red transnacional —que incluiría en un lugar relevante a investigadores gallego— que iba a transformar las miradas sobre la historia y la memoria de migraciones y exilios.

Fernando Devoto no concentró sus esfuerzos solo en los estudios migratorios, aun cuando a ellos dedicó más de un centenar de artículos académicos y numerosos libros, entre los cuales se encuentran, *Historia de la inmigración en la Argentina* e *Historia de los italianos en la Argentina*. Paralelamente siguió otras líneas de trabajo. En torno a su cátedra y al Instituto Ravignani creó un vasto programa de investigación que renovó los estudios sobre la historiografía argentina, acerca de la cual escribió también numerosos trabajos y libros. Estudió, asimismo, algunas historiografías europeas en el siglo XX, en especial la tradición del historicismo croceano en Italia y de *Annales* en Francia. Su aproximación ha buscado combinar las clásicas miradas desde la historia de las ideas y de las tradiciones intelectuales con la indagación de las estrategias de los estudiosos siempre en diálogo con los contextos historiográficos, políticos e institucionales.

Otra línea de investigación fue la historia de las ideas y los movimientos políticos en Argentina, con atención a la derecha nacionalista (*Nacionalismo, fascismo y tradicionalismo en la Argentina moderna*) y al peronismo. Allí buscó innovar a partir de la elección de cronologías largas y de una atención a los límites contextuales y culturales que condicionan los proyectos políticos. Sus estudios se ramificaron a otros temas y se abrieron a los estudios comparados, como por ejemplo *Argentina-Brasil 1850-2000: un ensayo de historia comparada*, con Boris Fausto, o *Political Cultures, Social Movements and Democratic Transitions in South America*, con T. S. Di Tella.

Devoto es miembro de número de la Academia Nacional de la Historia de la Argentina (desde 2013) e investigador sénior en el Instituto Ravignani de la Facultad de Filosofía y Letras (UBA) y en el Instituto de Altos Estudios Sociales (IDAES) de la Universidad Nacional de San Martín.



Ramón Villares



RAMÓN VILLARES (1951) cursó sus estudios superiores en la Universidad de Santiago de Compostela (1968-1973), doctorándose en 1980 con una tesis, dirigida por el profesor Antonio Eiras Roel, sobre las estructuras agrarias de la provincia de Lugo. Desde 1987 es catedrático de Historia Contemporánea de la misma Universidad, en la que también desempeñó los cargos de decano de la Facultad de Geografía e Historia (1986-1990) y rector (1990-1994). Ha impartido docencia desde hace más de cuatro décadas en cursos de grado y doctorado de varias materias, especialmente de Historia Económica, Historia Contemporánea y de Historia de la Historiografía, y también cursos y conferencias en numerosas universidades españolas, europeas y americanas.

La historia social agraria analizada en un marco de larga duración en la tesis doctoral está en el origen de su libro *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936* (1982), al que siguieron otras obras como *Foros, frades e fidalgos* (1982), la obra colectiva *Donos de seu. Estudos de historia agraria* (1988) y la investigación sobre los efectos de la política agraria del liberalismo en *Desamortización e réxime de propiedade* (1994) y en la visión de conjunto «Agricultura», publicada en el volumen *Los fundamentos de la España liberal. 1834-1900* (1997) de la *Historia de España* fundada por Ramón Menéndez Pidal en 1935. En el marco de esta especialización en el campo de la historia agraria ha organizado diversos congresos y dirigido una docena de tesis doctorales.

A partir de finales del siglo pasado, sin abandonar la historia agraria, Villares ha comenzado a trabajar sobre otros temas, tanto de historiografía como de historia intelectual e historia cultural del nacionalismo y del exilio republicano. Resultado de todo ello son publicaciones como *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista* (2007 y 2018), *Identidade e afectos patrios* (2017), *Galicia, una nación entre dos mundos* (2019) y su más reciente libro *Exilio republicano y pluralismo nacional. España, 1936-1982* (2021).




De forma paralela a su especialización investigadora, ha desarrollado una amplia obra de divulgación y síntesis históricas, como su *Historia de Galicia*, publicada en su primera versión en 1984, con sucesivas ampliaciones en 2004 y 2016, así como versiones en otras lenguas (español, portugués, y francés). Otras obras de síntesis son *El mundo contemporáneo. Del siglo XIX al XXI* (2001 y 2012) y la obra en doce volúmenes, codirigida con Josep Fontana, *Historia de España* (2007-2017).

Por su trayectoria científica y profesional ha recibido distinciones como los doctorados *honoris causa* por las universidades de Buenos Aires (1992), Minho (2015) y Rennes (2017), así como el Premio a la Mejor Tesis española en Humanidades (UIMP, 1981). Miembro de diversas asociaciones profesionales y patronatos de entidades culturales, ha sido presidente de la Asociación Española de Historia Contemporánea, así como miembro fundador de la editorial Marcial Pons, Ediciones de Historia. Además, ha realizado estancias de investigación en centros como la Università degli Studi di Bologna, la École de Hautes Études en Sciences Sociales (París), Università degli Studi di Verona o en el Instituto de Ciências Sociais (Lisboa) y ha formado parte de diversos paneles internacionales de evaluación de centros y proyectos de investigación en España y Portugal.

Miembro de número de la Real Academia Galega desde 2006, y de la Real Academia de Bones Lletres de Barcelona, desde 2018, ha sido también presidente del Consello da Cultura Galega (2006-2018). Actualmente pertenece, como miembro externo, al Conselho Geral de la Universidade do Minho.







Tradición y modernidad

La Universidad de Santiago de Compostela proyecta sobre el futuro su medio milenio de historia. Hundiendo sus raíces en la Europa renacentista, supo evolucionar con el tiempo y convertirse en una de las instituciones que conformaron la identidad de Galicia. A comienzos del siglo XXI, su vocación divulgadora del conocimiento y promotora de la investigación la han convertido en referencia mundial en campos como la medicina, la biotecnología, las humanidades o la innovación científica.

El origen de la Universidad se sitúa a finales del siglo XV, cuando en Europa se difundía incesante la nueva técnica de la impresión de libros que iba a revolucionar el mundo. En 1495, un regidor de Compostela, Lope Gómez de Marzoa, funda el *Studium* de Gramática Latina en el monasterio benedictino de San Paio de Antealtares, el llamado *Estudio Viejo*. El impulso de la familia Diego de Muros, ya en los albores del siglo XVI, consigue someter el Estudio a la protección eclesiástica, permitiendo la creación de cátedras de Derecho y Artes y, poco después, también de Derecho Canónico. Será por la decidida iniciativa del arzobispo Alonso III de Fonseca y Ulloa, humanista dotado de las mejores características de un hombre del Renacimiento cuando, con la fundación del Colegio de Santiago en 1521, se refuerzan definitivamente los pilares de la actual institución académica. Las primeras Constituciones de la Universidad de Santiago se aprobaron en 1555.

En el siglo XIX, la Universidad experimenta su mayor desarrollo con la implantación de estudios científicos y de humanidades acordes con los tiempos, y con la inauguración en 1905 de su edificio principal, hoy Facultad de Geografía e Historia. De la pujanza de la Universidad en la época hablan hechos como el primer experimento eléctrico llevado a cabo en España, que iluminó en 1851 esta misma edificación gracias a un novedoso arco voltaico instalado por el científico Antonio Casares.

El ámbito universitario fue pionero en la integración de la mujer en campos de la sociedad, vetados durante siglos. Las mujeres accedieron a la Universidad por primera vez en el curso 1913-14, abriendo la puerta a un proceso lento pero imparable. La Universidad compostelana también fue lugar de intercambio de ideas para las generaciones de intelectuales que hicieron avanzar a la sociedad gallega en los tiempos convulsos del siglo XX y en la Transición, y que crearon, gracias en parte a su paso por estas aulas, algunas de las obras más singulares de la cultura gallega.



La Universidad divide su oferta académica en dos ciudades históricas, Santiago de Compostela y Lugo, urbes que en ambos casos se aproximan a los 100 000 habitantes. Compostela es Patrimonio de la Humanidad desde 1985 y meta de los Caminos de Santiago, que atraen cada año a miles de peregrinos de todo el mundo desde el descubrimiento de los restos del Apóstol. Concentrado de todas las esencias de Galicia, Santiago es, desde siempre, el faro político, social y cultural de la Comunidad. Por su parte, Lugo, la antigua Lucus Augusti romana, conserva intacta la muralla del siglo II y todo el carácter del interior gallego.



Con cinco siglos de historia, no es extraño que la Universidad atesore un patrimonio artístico difícilmente comparable con cualquier otra institución gallega. En conjunto, la Universidad se extiende a través de un millón de metros cuadrados de infraestructuras, repartidas en cerca de un centenar de edificios, muchos de ellos auténticas joyas arquitectónicas. Algunos de los situados en Compostela retratan un pasado brillante, como la mencionada Facultad de Geografía e Historia; la severa Facultad de Medicina (1901); el colegio de San Jerónimo (con raíces en el siglo XV), sede del rectorado en plena Plaza del Obradoiro; o la de Filosofía, del XVII, pegada a la antigua muralla de la ciudad. Las nuevas instalaciones también cuentan con diseños vanguardistas, como los de la Facultad de Ciencias de la Comunicación en Compostela (1999), de Álvaro Siza; o el moderno campus lucense.



En la actualidad cursan estudios en la Universidad alrededor de 25 000 estudiantes. En Lugo, el denominado Campus Terra concentra estudios del ámbito de la sustentabilidad económica y medioambiental, con especialización en el campo agroalimentario, tan importante para la economía gallega. En Compostela, por su parte, hay dos campus, el Norte y el Campus Vida, este último de excelencia internacional y centrado en ámbitos como la medicina o la biotecnología.

De la vocación universal de la Universidad habla la procedencia internacional de una parte muy apreciable del alumnado. Alrededor de 1500 matrículas corresponden a estudiantes llegados de otros países, lo que la convierte en una institución cosmopolita, abierta al mundo y dispuesta a absorber y difundir conocimiento a los cinco continentes. Cada año la Universidad envía al exterior 400 estudiantes, a través del programa Erasmus de intercambio universitario, y recibe un número muy similar proveniente de 32 países.

La de Santiago es, así pues, una universidad completa, con oferta docente en la práctica totalidad de los saberes y decididamente enfocada a actuar como líder del progreso científico, económico y social. La investigación es uno de los pilares de la institución, y de ella han salido diversas iniciativas de empresas *spin off* que ayudan a trasladar a la economía real las aportaciones científicas conseguidas.

La vida dentro de la Universidad de Santiago no se reduce a los estudios y a la investigación, sino que cada curso se propone un abanico muy amplio de actividades que, además de ofertarse a la comunidad universitaria, complementan la programación cultural (coro, teatro, ciclos musicales y literarios) y deportiva (natación, atletismo, tenis, hockey) de las ciudades en las que está radicada.

La Universidad de Santiago de Compostela expresa también su respeto por el talento externo con la concesión de doctorados *honoris causa* a figuras de los más diversos ámbitos, del científico al político o al cultural y artístico. Hasta el momento cerca de cien personalidades de estos ámbitos han sido reconocidas con este título.

Con quinientos años de historia y decididamente impulsada al futuro, la Universidad de Santiago conserva la vitalidad y la responsabilidad de una institución fundamental para el progreso de Galicia y la mejora de la sociedad.





Gaudeamus igitur

Gaudeamus igitur,
iuvenes dum sumus. (*bis*)
Post iucundam iuventutem,
post molestam senectutem,
nos habebit humus. (*bis*)

Vivat academia,
vivant professores. (*bis*)
Vivat membrum quodlibet,
vivant membra quaelibet,
semper sint in flore. (*bis*)

